

# Muíños de Ponte Goiáns


Benvidos/as aos Muíños  
da ponte Goiáns,  
patrimonio vivo de Boiro

Bienvenidos/as a los Molinos de ponte Goiáns,  
patrimonio vivo de Boiro

*Na porta daquel muíño,  
hai dúas pedras de asento:  
unha é para namorar  
e outra para pasar o tempo!*



Concello  
de Boiro



Muíños de Ponte Goiáns



# Ver, tocar, sentir... é posible nos Muíños da ponte Goiáns, achégate!

Á beira do río Coroño, na ponte Goiáns, atópanse o **muíño de abaixo ou do Agro** e o **muíño de arriba, de Xaime, ou de Casais**. Lugares de memoria e natureza.

Convidámoste a pasear polo seu pequeno camiño de ribeira. Entre a súa vexetación cóntanse **ameneiros, abeleiros, bidueiros e salgueiros**. É un lugar que ofrece acubillo e alimento a diversas especies animais.



## Ubicación dos módulos expositivos

1. Panel benvida
2. Moer o gran, un traballo tan antigo como a humanidade
3. No muíño cada parte cumpre unha función importante
4. Unha noite no muíño...
5. O muíño, algo máis que un sitio para moer
6. Enerxías limpas: un agasallo da natureza
7. Os ríos, correntes de auga e vida
8. A artesa máxica

Coñece unha parte da historia de Boiro  
respirando a atmosfera  
do tempo da fariña e das muiñadas.

Sinte como o paso do tempo  
non borra as pegadas  
dos devanceiros.

Escoita a auga correr,  
parece que aínda as mozas cantan  
mentres esperan a súa quenda  
para moer:

*O muiño roda, roda,  
o rodicio faino andare;  
a filla do muiñeiro  
rabea por se casare  
Ai la la la*

***Os muiños da ponte Goiáns,  
antonte lugar de traballo,  
hoxe lugar de lecer  
que Boiro conserva  
para todos nós!***



**¡Ver, tocar, sentir...es posible  
en los molinos del puente Goiáns,  
acércate!**

A orillas del río Coroño, en el puente Goiáns se encuentran el **molino de abajo o de Agro** y el **molino de arriba, de Xaime,** o **de Casais**. Lugares de memoria y naturaleza.

Te invitamos a pasear por su pequeño camino de ribera. Entre su vegetación se cuentan **alisos, avellanos, abedules blancos y sauces**.

Es un lugar que ofrece cobijo y alimento a diversas especies animales.

Conoce una parte de la historia de Boiro respirando la atmósfera del tiempo de la harina y las moliendas. Siente cómo el paso del tiempo no borra las huellas de nuestros antepasados.

Escucha el agua correr, aún parece que las jóvenes cantan mientras esperan su turno para moler.

**¡Los molinos de ponte Goiáns  
antes lugar de trabajo,  
hoy lugar de disfrute  
que Boiro conserva  
para todos nosotros!**



## **A conservación**

é a resposta dunha sociedade comprometida coas vindeiras xeracións.

Tamén constitue unha ferramenta de xestión que orienta con criterio de sustentabilidade as actividades humanas desenvolvidas nos espazos protexidos.

### **Acceso:**

Accédese pola estrada AC-305 ata chegar á Ponte Goiáns (Boiro).

### **Situación:**

A quilómetro e medio de Boiro. Baixo a Ponte Goiáns.

### **Coordenadas:**

UTMx: 508902,78

UTMy: 4721720,32

Lat. 42° 38' 49,65" N

Lonx. 8° 53' 29,03" W

### **Horario de atención ao público:**

Veráns. Luns, de 17:00 a 19:00, visita guiada do programa Paseate con Nós

### **Servizos:**

Actividades guiadas para grupos escolares, previa cita concertada na Oficina de Turismo. Consulte aos monitores calquera dúbida que teña.

Sala de exposición de obxectos etnográficos.

## Enderezos de interese:

### Oficina de turismo

Praza de Galicia, s/n.  
15930 Boiro (A Coruña)  
Telf. 981 84 26 54  
Fax. 981 84 40 08  
e-mail: turismo@boiro.org

### Centro Arqueolóxico do Barbanza

Nine s/n. 15991 Neixón. Cespón (Boiro)  
Telf. 981 84 38 10  
Fax. 981 84 38 23  
e-mail: centroarqueoloxico@boiro.org

### Centro Social de Boiro

Rúa Poeta Manuel María, s/n  
15930 Boiro  
Telf. 981 84 26 35  
e-mail: centrosocial@boiro.org

### Casa da Cultura Ramón Martínez López

Avda. Constitución, 30  
15930 Boiro  
Telf. 981 84 84 25  
Fax. 981 84 84 71  
e-mail: cultura@boiro.org

### Protección civil

Praia Xardín, s/n 15930 Edificio As Colonias  
Telf. 610 55 83 83  
Fax. 981 84 76 46  
e-mail: proteccioncivil@boiro.org

### SOS Galicia: 112

### Mobiguía turística de Boiro no teu móbil.

Envía un SMS coa palabra BOIRO ao 981 09 07 80

